

**INANICIÓN** ■ O Programa Mundial de Alimentos alertou onte de que por primeira vez na historia se traspasou esta cifra ■ A súa directora advertiu de que o fluxo de axuda humanitaria se sitúa en "mínimos" sen precedentes

# A cifra de famentos no planeta superou xa a barreira dos mil millóns

O programa posto en marcha para erradicar esta lacra recibiu só 2.600 millóns de dólares dos 6.700 necesarios

Efe · Londres

O Programa Mundial de Alimentos (PMA) advertiu onte de que o número de persoas que pasan fame no mundo superou este ano, por primeira vez na historia, os 1.000 millóns. Nunha roda de prensa celebrada en Londres, a directora do PMA, Josette Sheeran, cifrou a cantidade de famentos en 1.020 millóns, e alertou de que o fluxo de axuda humanitaria sitúase actualmente en "un mínimo histórico". "Este ano temos máis persoas famentas que nunca", sinalou Sheeran, quen fixo fincapé en que "moitas persoas espertan (no mundo) e non contan nin cunha cunca de comida".

A xuíza da responsable do organismo humanitario da ONU, esa situación constitúe unha "receita para o desastre" e resulta "crítica para a paz, seguridade e estabilidade en

moitos lugares do planeta Terra". A vulnerabilidade de moitas persoas, explicou Sheeran, agravouse por "dúas tormentas que coincidiron e están golpeando": a crise financeira internacional e o encarecemento xeral dos alimentos.

Ademais, a directora do PMA fixo un "chamamento urxente" ó G-8 e ó G-20, para que atallen un problema que require algo máis que "solucións a longo prazo".

"Coa Asemblea Xeral de Nacións Unidas e o cume do G-20 en Pittsburgh (Pensilvania, EEUU) no horizonte, os líderes mundiais teñen unha oportunidade ideal para pór a fame no mapa", remarcou o PMA nun comunicado.

Así mesmo, Sheeran avisou de que o Programa Mundial de Alimentos afronta "un grave déficit orzamentario", pois este ano só recibiu 2.600 millóns de dólares (1.779 millóns de euros) dun total de 6.700 millóns de dólares (4.585 millóns de euros) necesarios para dar para comer a 108 millóns de persoas en 74 países. Sobre o terreo, esa falta de fondos tradúcese no recorte de programas que se están desenvolvendo en países como Guatemala, Kenia ou Bangladesh.

A directora do PMA remarcou que, con "menos do un por cento" das inxeccións económicas que fixeron os gobernos para salvar ó sistema financeiro global, poderíase resolver a calamidade de millóns de persoas que son vítimas da fame.

En España, o xefe da Oficina de Información da FAO, Germán Rojas, recalco que unha de cada seis persoas non ten diariamente o suficiente para comer" Rojas, que participou onte en Carmona nun curso de verán da Universidade Pablo de Olavide, cualificou esa cifra de "vergoñosa", segundo informou a Universidade sevillana nun comunicado. ●

## INCREMENTO

### Sobe a pobreza en toda Europa

Do total de 1.020 millóns de famentos, 15 millóns proceden de países desenvolvidos, e o resto, de países subdesenvolvidos, detectándose un aumento dos niveis de pobreza nas urbes europeas.



A secretaria xeral de Igualdade recibe a concelleira Margarida Vázquez

**VIOLENCIA** ■ Decidirá sobre a conveniencia de endurecer as condenas por maltrato cando teña os resultados do estudo posto en marcha

## Igualdade analiza o cumprimento das penas por malos tratos

A secretaria xeral de Igualdade, Marta González considerou onte "moi apropiado" o estudo que se está a realizar baseado en datos xudiciais dende 2003, e subliñou a necesidade de analizar a condena media en casos de violencia de xénero e o grao de cumprimento das penas para establecer conclusións e levar a cabo iniciativas.

Neste sentido, rexeitou pronunciarse sobre un endurecemento das penas ata coñecer os resultados desta análise. En todo caso, remarcou que a loita contra a violencia de xénero tamén pasa por outras vías ademais da penal.

Tras reunirse coa concelleira de Igualdade do Concello da

Coruña, Margarida Vázquez, incidiu en que o compromiso da Xunta é que "non haxa recortes" en materia de servizos sociais, polo que afirmou que non espera "ningunha modificación" que implique reducir as partidas para o departamento que dirixe.

A reunión enmárcase na rolda de contactos que a secretaria xeral mantén cos responsables en materia de igualdade das cidades de Galicia para establecer liñas de colaboración e coordinación dende a Administración autonómica. En palabras de Margarida Vázquez, o de onte foi o "primeiro intercambio para expoñer as accións que están a levar a cabo". ●



## DI QUE O BEBÉ NACEU MORTO E O AGOCHOU

A belga Katrien H. -á dereita na foto- negou onte matar de forma intencionada o seu bebé nacido en Santa Susanna (Barcelona) en xullo de 2006 e asegurou que este naceu morto, polo que foi "incapaz" de reanimalo e decidiu escondelo para evitar que fose visto polos seus

outros tres fillos. Os feitos ocorreron a mañá do día 24 de xullo de 2006 cando a muller decidiu parir soa nun cuarto do aparthotel no que se hospedaba coa súa familia, sen axuda de ninguén e ocultando ó seu marido tanto o parto como o embarazo. ● EFE

**XORNAIS** ■ A ministra Bibiana Aído carga contra a publicación de anuncios de contactos

## Publicidade sexual, unha "vergoña"

A ministra de Igualdade, Bibiana Aído, asegurou que lle parecen unha "vergoña" os anuncios de contactos que publican os xornais e mostrouse convencida de que "en canto as circunstancias o permitan" deixarán de publicarse.

Aído respondeu así ó deputado de ERC Joan Tardá no Pleno do Congreso dos Deputados, que lle pediu ó Goberno que presente medidas para regularizar a

prostitución e para que os xornais deixen de publicar "os anuncios denigrantes para a muller".

O deputado de ERC lamentou que o Executivo non sexa capaz de enfadarse cos grandes grupos empresariais.

Na loita contra a explotación sexual, as Forzas de Seguridade desarticuláron, no último ano, máis de 200 redes e detivo uns 700 delinquentes. ● EFE

**Papelería Compostela**

A casa das estilográficas

Cinco Calles, 2 • Tel. 981 58 22 17 • Santiago